

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*EXTRACTO da Orde do 14 de agosto de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2023/24 (código de procedemento ED301I).*

BDNS (Identif.): 714051.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Beneficiarios*

Os centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia. Os centros con unidades concertadas de educación especial unicamente poderán optar ás axudas para a finalidade prevista no artigo 4 da orde. Quedan excluídos destas axudas os centros concertados específicos de educación especial.

##### Segundo. *Obxecto*

1. As axudas teñen por obxecto atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas correspondentes unidades concertadas, entendendo por este aquel alumnado que requira determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade motora, sensorial, intelectual ou trastornos xeneralizados do desenvolvemento e da conduta, naqueles aspectos que non estean xa cubertos polo concerto educativo, ao longo do curso escolar 2023/24.

2. As axudas poderán empregarse para os fins de contratación de persoal complementario, reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores de contía non superior ao 15 por cento da axuda, compra de material específico ordinario non inventariable e adquisición de material específico inventariable.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Orde do 14 de agosto de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2023/24 (código de procedemento ED301I).

**Cuarto. Importe**

1. As axudas económicas para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria tramitaranse con cargo á partida orzamentaria 10.08.422A.482.3, por unha contía total máxima de 95.845,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2023 e de 191.689,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2024.

2. Para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, tramitaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.08.422M.482.3, por unha contía total máxima de 4.155,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2023 e de 8.311,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2024.

En ambos casos as dotacións irán destinadas a:

– Contratación de persoal complementario: logopedista, fisioterapeuta, axudante técnico/a educativo/a, psicólogo/a, pedagogo/a, traballador/a social, educador/a social, intérprete de lingua de signos e coidador/a.

– Reparacións, mantemento e obras ou instalacións menores, de contía non superior ao 15 por cento da axuda.

– Compra de material específico ordinario non inventariable.

3. A adquisición de material inventariable específico para a atención do alumnado con necesidades de apoio educativo tramitarase con cargo ás partidas orzamentarias:

– 10.08.422A.780.0, para os niveis de educación infantil, de primaria e de educación secundaria obrigatoria, por unha contía total máxima de 47.922,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2023 e de 95.844,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2024.



– 10.08.422M.780.0, para o nivel de formación profesional, incluída a formación profesional básica, unha contía total máxima de 2.078,00 euros para o período setembro-décembro do ano 2023 e de 4.156,00 euros para o período xaneiro-xuño de 2024.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2023

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades

